



BOLETÍN MENSUAL

MARZO 2018

APE GALICIA

- ✓ APE GALICIA Y SABADELL FIRMAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE BENEFICIA A MÁS DE 40.000 AUTÓNOMOS.
- ✓ APE GALICIA E FÓRMATE.ES DAN COMEZO Ó CURSO DE “CREA A TÚA TENDA ONLINE” NO CONCELLO DE MARÍN COA COLABORACIÓN DA ASOCIACIÓN ESTRELA DE MARÍN.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ A DIFICULTADE DE REEMPRESAR COA NOVA LEI DO AUTÓNOMO.
- ✓ GALICIA VOLVE GAÑAR AUTÓNOMOS EN FEBREIRO.

APE GALICIA Y SABADELL FIRMAN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN QUE BENEFICIA A MÁS DE 40.000 AUTÓNOMOS.

O pasado 1 de Marzo o SabadellGallego (Grupo Banco Sabadell) asinou un convenio de colaboración coa Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequena Empresa de Galicia (APE GALICIA), que agrupa a máis de 40.000 autónomos na Comunidade galega a través das súas máis de 70 Asociacións. En virtude deste acordo, SabadellGallego pon a disposición dos asociados un conxunto de produtos e servizos financeiros, personalizados e en condicións preferentes, adaptados á súa economía profesional e persoal, sendo extensibles estas vantaxes tamén aos seus familiares e empregados.

Pola súa banda, APE GALICIA aumenta a súa oferta de servizos para que os asociados poidan acceder a unha ampla variedade de servizos financeiros moi competitivos e a un asesoramento financeiro personalizado en liñas subvencionadas, renting, factoring, confirming, tpv, etc.

O acordo foi asinado polo presidente de APE GALICIA, D. José Ramón Caldas Martínez e por D. Adolfo García-Ciaño Vallés, Director Rexional de SabadellGallego en Galicia.

Estiveron presentes na firma deste convenio asistiron o Vicepresidente de APE GALICIA, D.

Javier Garrido Valenzuela, Don Ricardo R-Moreiras Álvarez (Director de Colectivos Profesionais do Banco SabadellGallego) e Don Manuel Prol (Director Institucional de Sabadell Galego).

Para máis información preme no seguinte enlace:

http://www.apegalicia.es/noticias/202-ape-galicia-y-sabadellgallego-firman-un-convenio-de-colaboracion#.WrkFmH_tblU



APE GALICIA E FÓRMATE.ES DAN COMEZO Ó CURSO DE “CREA A TÚA TENDA ONLINE” NO CONCELLO DE MARIN COA COLABORACIÓN DA ASOCIACIÓN ESTRELA DE MARÍN.

Tralo éxito obtido en Pontevedra co curso de “Comercio electrónico” e a demanda por parte dos autónomos sobre este tipo de formación, o pasado 12 de Marzo dou comezo o curso de “**Crea a túa tenda online**” no concello de Marín.

A DIFICULTADE DE REEMPRENDER COA NOVA LEI DO AUTÓNOMO.


A asociación Estrela de Marín foi a encargada de dar publicidade a actividade, así como de formalizar o contacto con tódalas persoas que quixeran participar na iniciativa e proporcionarlle as follas de inscrición.

Por outra banda, APE Galicia actuou como intermediario entre a empresa de formación e a asociación e levou a cabo todos os rexistros de inscrición dos participantes.

Fórmate, pola súa parte, foi a encargada de proporcionar o equipo informático e de elixir unha formadora con amplos coñecementos e experiencia no tema en cuestión.

A este curso súmanselle a continuación outros dous: “Venta online” e “Comercio electrónico”. Ámbolos tres se relacionan entre sí e proporcionarán ós participantes unha gran variedade de recursos para poñeren en práctica nos seus negocios.

Quedamos a espera de que o éxito desta nova edición sexa igual ou superior ó anterior.



Coa entrada do ano chegaba a reforma da lei do autónomo e, con ela, unha das medidas que parecía, nun principio, moi beneficiosa para o emprendedor: a tarifa plana de 50€ ao mes nas cotas á seguridade social ampliábase de 6 meses a un ano.

Pero a letra pequena da lei para incentivar o traballo autónomo esconde que, a pesar da eliminación dos límites de idade, non todos os emprendedores poden acollerse a ela.

O caso é que se fuches autónomo nos dous anos anteriores, aínda que fracasaras, tes que esperar a que pasasen 2 anos dende a última actividade.

Pero isto non é todo, pois se na etapa anterior como autónomo, o emprendedor xa gozou da bonificación, só poderá acollerse de novo se quere reemprender transcorridos tres anos.

A pesar disto, dende a posta en marcha no ano 2013, en Galicia beneficiáronse case 70.000 mil emprendedores con esta bonificación. Iso si, para todos eles, se caen na fatalidade do cesamento da súa actividade, a porta da tarifa plana para reinventarse por conta propia quedará pechada polos 3 anos de rigor.

As principais organizacións de autónomos apoian a posta en marcha dunha cota de 50 euros

por 48 meses para quen non cheguen ao salario mínimo e unha superreducida de 30 euros durante 2 anos para estudantes menores de 25 anos para que poidan compatibilizalo coa súa formación.

Esta loita e a de facer posible un camiño máis sinxelo para que os autónomos teñan unha segunda oportunidade deben ser o epicentro de traballo.

GALICIA VOLVE GAÑAR AUTÓNOMOS EN FEBREIRO.

Tras a análise dos datos publicados polo ministerio de emprego e seguridade social, APE Galicia puido comprobar que a nosa comunidade autónoma incrementou o seu número de rexistros no réxime especial de autónomos.

O balance foi positivo en tódalas provincias. Encabeza o crecemento a provincia de Pontevedra con un aumento de 157 autónomos (+0,23%), seguida de A Coruña con 151 (+0,17%), Lugo con 16 (+0,04%) e Ourense con 3 (+0,01%).

	Nº DE AUTÓNOMOS EN XANEIRO	Nº DE AUTÓNOMOS EN FEBREIRO	Nº DE AUTÓNOMOS EN AUMENTO	% DE CRECIMENTO
A Coruña	85.794	85.945	151	0.17%
Lugo	34.991	35.007	16	0.04%
Ourense	24.895	24.898	3	0.01%
Pontevedra	66.393	66.550	157	0.23%
GALICIA	212.073	212.400	327	0.15%

Se nos detemos a analizar os sectores, descubrimos que os máis beneficiados na nosa comunidade autónoma foron as actividades profesionais científicas e tecnolóxicas, cun incremento de 100 autónomos; a Educación con

un 78; as actividades artísticas, recreativas e de entretemento con 56 e as actividades administrativas e servizos auxiliares con un 53.

Por outra banda, os máis afectados foron o sector da Hostalaría (-43 autónomos) e o do comercio e reparación de vehículos (-38 autónomos).

Preocupa fortemente á nosa asociación o reflexo destes datos, pois son uns dos sectores polos que máis se loita dada a importancia que teñen os servizos na nosa comunidade.

A nivel estatal o incremento total foi de 17.187 autónomos. Tódalas comunidades gañaron en rexistros no réxime especial de autónomos, agás Ceuta que perdeu 17.

COMUNIDADE AUTÓNOMA	Nº AUTÓNOMOS EN XANEIRO	Nº DE AUTÓNOMOS EN FEBREIRO	AUMENTO DE AUTÓNOMOS
PAÍS VASCO	171.554	171.604	50
CATALUÑA	544.422	546.868	2.446
GALICIA	212.073	212.400	327
ANDALUCÍA	510.768	517.038	6.270
ASTURIAS	74.167	74.182	15
CANTABRIA	41.262	41.382	120
LA RIOJA	26.014	26.091	77
REG. MURCIA	97.097	97.647	550
COM. VALENCIANA	339.977	342.048	2.071
ARAGÓN	104.376	104.513	137
CAST. LA MANCHA	147.818	148.206	388
CANARIAS	120.500	121.302	802
NAVARRA	47.262	47.483	221
EXTREMADURA	79.138	79.381	243
ISLAS BALEARES	85.253	86.241	988
COM. DE MADRID	388.826	391.140	2.314
CASTILLA-LEÓN	196.172	196.348	176
CEUTA	3521	3.504	-17
MELILLA	4.307	4.316	9
TOTAL	3.194.507	3.211.694	17.187

APE GALICIA

Tlf: 986891657

Móvil: 697.195.540

E-mail: info@apegalicia.es

Praza España Nº1 Andar 1º Esq. Oficina 1 -
36002 Pontevedra

